



Programa de
**IMPULSO
A INNOVACIÓN**
nas pemes

TORRE DE HÉRCULES

Parada obligada. En Punta Herminia está localizada, desde hace más de 2.000 años la torre de Hércules, el faro más antiguo del mundo que aún continúa en funcionamiento. Increíble, ¿verdad?

[Info](#)




Ilux Visual Technologies

“*Traballamos con desenvolvementos baseados en IA para sectores tan diversos como a saúde, o turismo ou a creación de contidos dixitais*”

A transferencia de tecnoloxía desenvolvida no principal eido de produción de coñecemento científico, a universidade, é o xerme de Ilux Visual Technologies. As súas solucións de visualización avanzada inclúen unha ferramenta propia, eVidens, que permite construír centros de control e mando personalizados e visores de datos en tempo real coa compoñente xeográfica como valor engadido



XUNTA
DE GALICIA



Ilux Visual Technologies


A investigación no xerme da vangarda

NOME: ILUX VISUAL TECHNOLOGIES

UBICACIÓN: A CORUÑA

INICIO DA ACTIVIDADE: 2007

SECTOR: ENXEÑERÍA



Ilux Visual Technologies foi o resultado de levar ao mercado máis de dúas décadas de traxectoria investigadora do Grupo de Visualización Avanzada en Arquitectura, Enxeñería e Urbanismo da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais y Portos da Universidade da Coruña. Fundada en 2007, esta *spin-off* centra a súa actividade nos eidos da visualización avanzada, da xestión do territorio e dos servizos *smart*. O seu equipo traballa para converter datos en solucións de visualización 3D para administracións, empresas e entidades culturais, aplicadas á arquitectura, o impacto ambiental, o turismo e a

animación 3D, cunha liña de produtos de xestión ligada á representación do territorio en tres dimensións. Unha das súas apostas é a aplicación da intelixencia artificial (IA) xenerativa para que o deseño da información se adapte á persoa usuaria. A empresa levou xa a cabo varios proxectos baseados nesta tecnoloxía, combinada con *big data* e *computer vision*, para a catalogación, o etiquetado e a xestión automática en tempo real de imaxes. “Traballamos con desenvolvementos baseados en IA para sectores tan diversos como a saúde, o turismo ou a creación de contidos dixitais” explica Manuel Meijide, director de Ilux Visual Tecnhnologies.

FERRAMENTA PROPIA

Dende hai máis de 15 anos, esta empresa tecnolóxica diseña modelos fundacionais que poden realizar varias funcións ao mesmo tempo e levar a cabo tarefas preconfiguradas, como resumos, cuestionarios e clasificacións, similares ás que unha persoa pode realizar. Para isto crearon eVidens, unha ferramenta que ofrece a capacidade de construír centros de control e mando personalizados e visores de datos en tempo real coa compoñente xeográfica como valor engadido. Os centros de control que o usuario xera a través de eVidens conéctanse a plataformas *IoT*, *big data*, *business intelligence*, sistemas de información xeográfica, sistemas de monitorización e outras tecnoloxías avanzadas. Ilux conta cun equipo consolidado e experto perfecciona continuamente estes modelos de aprendizaxe automática capaces crear contido en tempo real.

XEMELGO DIXITAL

Segundo o seu equipo directivo, a premisa desta *spin-off* da UDC é poñerse sempre no lugar do cliente, identificando as súas necesidades e buscando a mellor resposta tecnolóxica. Ese é motivo polo que a empresa inclúe entre os seus servizos o xemelgo dixital, unha réplica virtual que se emprega para simular procesos introducindo os parámetros exactos que se queren testar e que permite tomar decisións para aplicar en contornas reais minimizando os riscos e optimizando a produtividade. Máis aló dun mero modelo tridimensional, o xemelgo dixital facilita a obtención dunha copia completa e en tempo real dun determinado espazo ou proceso físico. “Isto fai posible –expón Meijide– unha análise exhaustiva da información. Podemos monitorizar o modelo real para automatizar e mesmo predicir o seu comportamento e, en definitiva, mellorar os resultados para os nosos clientes”.

MUNDOS DIXITAIS

Un dos proxectos insignia do equipo é o Festival internacional do Mundos Dixitais. “Comezou como unha serie de charlas para alumnado e case trinta anos despois é un evento multitudinario de referentes da contorna dixital que axuda a poñer Galicia no mapa da creación de contidos”, explica o seu director. Isto axudou a posicionar a empresa como un referente no fomento do emprego no eido dixital e da competitividade tecnolóxica das empresas galegas deste ámbito de actividade. “O que facemos é aglutinar a todas as empresas do sector da animación, dos efectos especiais, dos videoxogos e da produción virtual no que posiblemente é un dos tres eventos de referencia de Europa”, defende Meijide.



Por que innovar?

"Unha das nosas principais fortalezas, que nos achega unha vantaxe competitiva e nos converte nun referente respecto a outros competidores, é a nosa clara orientación ao cliente, a definición de propostas conceptuais innovadoras e o valor engadido de ser unha das poucas empresas españolas que xa traballou en xestión intelixente de datos xeográficos en múltiples campos de aplicación", expoñen dende a empresa. O emprendemento tecnolóxico de orixe universitaria é, segundo os fundadores de Ilux Visual Technologies, o que define a súa orientación cara a investigación e a innovación como razón de ser. Tal e como afirma Meijide, "para nós innovar é estar pendentes de todo o que sae novo. Temos a mente aberta para aplicar o coñecemento que xeramos en todos os sectores e facémolo como un traxe á medida das necesidades dos nosos clientes para que contén cun servizo satisfactorio e útil".



Se queres ver esta historia de éxito en movemento, accede ao vídeo.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para empezar a innovar.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Axencia Galega de Innovación

981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela



<http://gain.xunta.gal>



**XUNTA
DE GALICIA**